Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOP
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958
MARTES, 8 DE FEBREIRO DE 2022 MARTES, 8 DE FEBRERO DE 2022 | BOP NÚMERO 26

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CARBALLO

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto del Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de sesión ordinaria celebrada el día 17 de enero de 2022, por el que se aprueban las bases de la convocatoria de subvenciones destinadas a la promoción y el fomento del deporte escolar en el Ayuntamiento de Carballo durante el curso 2021/2022**

**BDNS (Identif.): 608891**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/608891)

**Primero.- Objeto**

La presente convocatoria de subvenciones tiene por objeto la concesión, en régimen de concurrencia competitiva, de ayudas económicas a ANPAs, secciones deportivas de ANPAs y agrupaciones deportivas escolares de centros educativos sostenidos con fondos públicos para facilitar la práctica deportiva en edad escolar mediante la financiación de proyectos de Escuelas Deportivas en horario extraescolar en los centros de enseñanza y dirigidas a los niños y niñas que cursan educación infantil y primaria, durante lo curso escolar 2021/2022 (de octubre de 2021 a mayo de 2022 incluidos).

**Segundo.- Beneficiarios.**

Podrán concurrir a la presente convocatoria de subvenciones las ANPAs, secciones deportivas de las ANPAs y agrupaciones deportivas escolares vinculadas a los centros de enseñanzade educación infantil y primaria sostenidos con fondos públicos, y quecumplancon los requisitos y deberes establecidos en las presentes bases.

Deberes de las entidadessolicitantes:

Carecer de fines de lucro

Tener la sede social y el domicilio fiscal en el Ayuntamiento de Carballo.

Desarrollar su actividad dentro del ámbito municipal.

Estar vinculadas a los centros de enseñanza de educación infantil y primaria sostenidos con fondos públicos del término municipal o en su defecto con un porcentaje mayoritario del alumnado del centro empadronado en el Ayuntamiento de Carballo. En estos casos se entenderá que la actividad es desenvuelta en el ámbito municipal.

No tener pendiente de justificar ninguna subvención o ayuda económica con el Ayuntamiento.

Estar inscritas en el registro municipal de asociaciones.

Estar al corriente de sus deberes con la hacienda pública, con el Ayuntamiento de Carballo y con la Tesorería de la Seguridad Social.

No estar incursas en las causas de incompatibilidad o incapacidad para ser beneficiarias o percibir subvenciones de la Administración pública previstas en el art. 13 de la Ley general de subvenciones 38/2003, del 17 de noviembre.

**Tercero.- Bases Reguladoras.**

Las Bases de la convocatoria fueron publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña núm.17, del miércoles, 26 de enero de 2022.

**Cuarto.- Cuantía.**

El importe total destinado a la concesión de estas subvenciones es de NUEVE MIL EUROS (9.000,00 €) gasto imputable a la aplicación 3410/48900 “Subvenciones fomento deporte no nominativas” del Presupuesto Municipal.

Número de anuncio 2022/557

**Quinto.- Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación será de quince (15) días hábiles, iniciándose el día siguiente al de la publicación del extracto convocatoriaen el Boletín oficial de la provincia de A Coruña, a través de la BDNS.

**Sexto.- Plazo de justificación**

El plazo para la justificación de las subvenciones rematará el día 30 de junio de 2022.

Carballo

21/1/2022

Evencio Ferrero Rodríguez, El Alcalde

**Extracto do Acordo da Xunta de Goberno Local de sesión ordinaria celebrada o día 17 de xaneiro de 2022, polo que se aproban as bases da convocatoria de subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2021/2022**

**BDNS (Identif.): 608891**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/608891)

**Primeiro.- Obxecto**

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a ANPAs, seccións deportivas de ANPAs e agrupacións deportivas escolares de centros educativos sostidos con fondos públicos para facilitar a práctica deportiva en idade escolar mediante o financiamento de proxectos de Escolas Deportivas en horario extraescolar nos centros de ensino e dirixidas aos nenos e nenas que cursan educación infantil e primaria, durante o curso escolar 2021/2022 (de outubro de 2021 a maio de 2022 incluídos).

**Segundo.- Beneficiarios.**

Poderán concorrer á presente convocatoria de subvencións as ANPAs, seccións deportivas das ANPAs eagrupacións deportivas escolares vinculadas ós centros de ensino de educación infantil e primaria sostidos con fondos públicos, e que cumpran cos requisitos e obrigas establecidas nas presentes bases.

Obrigas das entidadessolicitantes:

Carecer de fins de lucro

Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello de Carballo.

Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.

Estar vinculadas ós centros de ensino de educación infantil e primaria sostidos con fondos públicos do termo municipal ou no seu defecto cunha porcentaxe maioritaria do alumnado do centro empadroado no Concello de Carballo. Nestes casos entenderase que a actividade é desenvolta no ámbito municipal.

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello.

Estar inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, co Concello de Carballo e coa Tesourería da Seguridade Social.

Non estar incursas nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

**Terceiro.- Bases Reguladoras.**

As Bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm.17, do mércores, 26 de xaneiro de 2022.

Número de anuncio 2022/557

**Cuarto.- Contía.**

O importe total destinado á concesion destas subvencións é de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €) gasto imputable á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal.

**Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación será de quince (15) días hábiles, iniciándose o día seguinte ao da publicación do extracto convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da BDNS.

**Sexto.- Prazo de xustificación**

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 30 de xuño de 2022.

Carballo

21/1/2022

Evencio Ferrero Rodríguez, O Alcalde

2022/557